

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A REHABILITACIÓN DA CAPELA DA VIRXE DE GUADALUPE

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D. Manuel Ángel Otero Legide, alcalde do **Concello de Mondoñedo**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 8 de xullo de 2024 asinou se un convenio de colaboración cuxo obxecto era o establecemento das condicións pola colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe.



A cláusula segunda do dito convenio de colaboración establece que o orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 42.991,30 €. Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia achegará ao concello de Mondoñedo o importe de 42.991,30 € (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Segundo.- Que na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Así mesmo, na cláusula décima establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 30 de novembro de 2024.

Terceiro.- Que o 22 de novembro de 2024 o Concello de Mondoñedo solicitou unha ampliación do prazo de xustificación ata o ano 2025, debido a que nese momento estíbese á espera por parte do concello das autorizacións sectoriais necesarias por parte de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para poder executar o proxecto de rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe.

A modificación solicitada polo Concello de Mondoñedo implicaba trasladar integramente a anualidade 2024 a 2025.

Que con data do 29 de novembro de 2024 se asinou a primeira addenda ao convenio mediante a cal se modificaron as cláusulas segunda, terceira, décima e décimo novena do convenio, trasladando integramente a anualidade 2024 a 2025, tal e como solicitara o Concello de Mondoñedo.

Cuarto.- Que con data do 2 de xullo de 2025 ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Concello de Mondoñedo polo que solicita textualmente a tramitación dunha *“modificación do convenio, en canto ao orzamento estimado que se reflicte na cláusula segunda, isto é, para un reaxuste destas partidas, así como do importe total, que pasaría de 42.991,30 € a 42.990,30 € e por outra banda debe quedar constancia de*



que non se desvirtúa o proxecto inicial subvencionado e que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución de concesión do Convenio de Colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a Rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe”.

Asemade o concello indica que a modificación solicitada vén motivada polo seguinte:

“Que houbo que modificar a memoria inicial coa que se firmou nun primeiro momento este convenio debido a que non obtivo a autorización sectorial de Patrimonio Cultural. Polo tanto, a Arquitecta Municipal, Marta Candocia Acción, realizou unha nova memoria para executar esta obra. Esta Memoria obtivo recentemente autorización sectorial de Patrimonio Cultural. Existe unha mínima diferenza económica entre a memoria inicial e a memoria modificada.

Toda vez, que debido a unha negativa inicial de Patrimonio, que implicou a modificación da memoria inicial, na que se xustifica que non se desvirtúa o proxecto inicial subvencionado e que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución de concesión.”

Porén, o novo importe total do orzamento estimado é de 42.990,31 € e non 42.990, 30 €, como indica o concello, xa que a suma do Presuposto de Execución Material, os Gastos Xerais e o Beneficio Industrial é de 35.529,18 €, que ó aplicarlle un IVE do 21% da a cifra de 7.461,13 €. A suma destas dúas últimas cantidades dá o resultado de 42.990,31 €.

Quinto.- Que a cláusula décima do convenio, modificada pola dita primeira addenda, establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 30 de setembro de 2025.

Que con data do 3 de xullo de 2025 ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Concello de Mondoñedo polo que solicita unha ampliación do prazo para a execución do proxecto de rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe ata o 31 de outubro de 2025, *“ante posibilidade de que por coincidir coas datas de verán, tanto a licitación como a adxudicación e execución da obra, e en previsión de que non se poida cumprir o prazo do 30 de setembro de 2025 para xustificar este convenio”.*



Que con data do 29 de xullo de 2025 ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un novo escrito do Concello de Mondoñedo polo que solicita unha ampliación do prazo para a execución do proxecto de rehabilitación da Capela da Virxe de Guadalupe ata o 30 de novembro de 2025, *"ante posibilidade de que por coincidir coas datas de verán, tanto a licitación como a adxudicación e execución da obra, e en previsión de que non se poida cumprir o prazo do 30 de setembro de 2025 para xustificar este convenio"*.

Que resulta de interese para as partes asinantes, sen renunciar ás súas competencias, subscribir a presente addenda ao citado convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

Modifícanse as cláusulas segunda e décima do convenio, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

"Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 42.990,31 € (IVE incluído), que se distribúen da seguinte maneira:

Capítulo 1. Actuacións previas/Medios auxiliares.....4.190,00 €

1.1. Estada homologada e lona.

Alugueiro de estadas homologadas metálicas tubulares de aceiro que que cumpran as normas de seguranza, con montaxe e desmontaxe, lonas exteriores de seguranza e ornato, quitamedos de seguridade, rodapé perimetral, escadas de acceso tipo barco, plataformas e marquesiñas cando sexa necesario de forma que se garanta o paso con seguranza dos peóns pola vía pública, para alturas menores de 8 m. Mesmo instalación ao exterior do cartel identificativo da obra. Coidarase moi especialmente o aspecto á vía pública das obras. Mesmo p.p. de ancoraxes a fachadas, colocación de mallas protectoras, medios auxiliares e traballos previos de limpeza para apoios 4.190,00 €



Capítulo 2. Actuacións na cuberta..... 3.504,00 €

2.1. Babeliro especial zinc titanio en remate de fachada.

Babeliro especial composto de remate con perfil pregado de zinc-titanio preparado para colocar a modo de remate de muro de .fachada principal, preparado para instalar sobre muro i/pezas de fixación304,00 €

2.2. Repaso e recolocación de cuberta pedra de Vilamor existente.

Reparación e recolocación de pezas existentes de pedra de Vilamor (de formato irregular), ancoradas con fixación mecánica de aceiro inoxidable o faldrón inclinado de cuberta de entaboadado de madeira (non incluído), i/p.p. de recortes, pezas especiais, de ser preciso formación de limas, cumios, laterais, encontros con paramentos, ... etc., e calquera tipo de medio auxiliar. Especial coidado no solape entre as pezas. Totalmente colocada.....3.200,00 €

Capítulo 3. Carpintaría5.558,00 €

3.1. Restauración de carpintarías de madeira.

Restauración de carpintaría de madeira consistente en decapado de pintura, substitución de tódalas pezas en mal estado, reparación ou substitución das ferraxes de seguranza, substitución de vidros rotos enmasillado, aplicación de pintura, esmalte o aceite de poro aberto, en tres mans, con p.p de medios auxiliares (de ser preciso)2.058,00 €

3.2. Restauración de porta principal de acceso á Capela.

Traballos levados a cabo por restaurador titulado repoñendo pezas de ser preciso, respectando as tallas i/colocación de elementos de ata e medios auxiliares3.500,00 €

Capítulo 4. Albanelaría 13.303,50 €

4.1. Picado de revocaduras en muros.

Picado de revocaduras de una 4 cm de espesura en muros realizado por medios manuais con p.p de catas selectivas previas de identificación, saneamento final de soportes con cepillo metálico, protección de mobiliario, carpintarías, pavimentos e vexetación,



incluíndo limpeza final de áreas de traballo, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro 3.100,00 €

4.2. Revocadura de cal hidráulica natural fachadas laterais e traseira.

Revocadura de cal composta por cal hidráulica natural e area, mestura de silicio de río lavada e seca e de calcaria, de granulometría a concretar na obra, realizado por oficial 1ª especializado, en tres capas sobre paramentos exteriores, sendo a primeira unha salpicadura de proporción 1/2 ao 1/3, segundo o tipo de area, con area graúda, a segunda un recebo de proporción 1/2 ao 1/3 con area de tamaños mesturados e a terceira de proporción 1/1 para acabado lisolavado e 1/2 para acabamentos lisos, con area moi fina. Esta capa inclúe os pigmentos minerais necesarios para a súa coloración. Aplicado en paramentos verticais, de non máis de 25 mm. De espesura total, i/alisamento con regra, formación de arestas e recantos e expulsión de áreas sobrantas por cepilladura final. Medido deducindo ocos maiores de 1,5 m². Medios auxiliares e de seguranza, preparación previa do soporte, protección de mobiliario, pavimentos, elementos vexetais, etc., limpeza de áreas de traballo e transporte entullos a vertedoiro incluídos. Estadas medidas á parte..... 3.867,50 €

4.3. Revocadura de cal graxa interior.

Revocadura de cal composta por masa de cal graxo e area, mestura de silicio de río lavada e seca e de calcaria, de granulometría a concretar na obra, realizado por oficial 1ª especializado, en tres capas sobre paramentos interiores, sendo a primeira unha salpicadura de proporción 1/2 ao 1/3, segundo o tipo de area, con area graúda, a segunda un recebo de proporción 1/2 ao 1/3 con area de tamaños mesturados e a terceira de proporción 1/1 para acabado lisolavado e 1/2 para acabamentos lisos, con area moi fina. Esta capa inclúe os pigmentos minerais necesarios para a súa coloración. Aplicado en paramentos verticais e horizontais, de non máis de 25 mm. de espesura total, i/alisamento con regra, formación de arestas e recantos e expulsión de áreas sobrantas por cepilladura final. Medido deducindo ocos maiores de 1,5 m². Medios auxiliares e de seguranza, preparación previa do soporte, protección de mobiliario, pavimentos, elementos vexetais, etc., limpeza de áreas de traballo e transporte entullos a vertedoiro incluídos. Estadas medidas á parte..... 6.336,00 €



Capítulo 5. Instalación eléctrica e iluminación1.176,00 €

5.1. Instalación eléctrica e iluminación. Para edificación, consistente en 8 puntos de luz sinxelos, cadro de automáticos, 100m de tubo de 25mm e 100m de tubo de 20mm, manguera 2x10mm² LH, 2 bases de enchufes, 300 m de cable LH1X1,5 fío 1x1,1,5 H07Z1-K, 300 m de cable LH1X2,5 fío 1x1,1,5 H07Z1-K. Totalmente funcionando segundo normativa de B.T. Mesmo axudas de albanelaría e medios auxiliares e pequeno material. Atenderase ás descrições de cada un dos elementos que compoñen esta partida. Non se abrirán rozas verticais nin horizontais nos muros de cachotaría ou cantaría. Empregarase tubo para albergar o cableado que sexa preciso.....1.176,00 €

Capítulo 6. Pinturas e acabados 729,00 €

6.1. Limpeza de fachada.

Limpeza de fachada de morteiro mediante cepillado manual con auga e cepillo brando de raíces, ata descubrir as zonas areadas, ampolas de pátina e fisuras de fábrica (de ser o caso), previa eliminación de material adherido; e posterior aclarado con auga. Incluso provisión, retirada e carga de escombros e restos xerados sobre camión ou contedor, con grao de complexidade baixo..... 153,75 €

6.2. Pintura ou silicato en exteriores (fachada principal e espadana).

Pintura ao silicato con pigmentos minerais estables á luz, impermeable e transpirable au vapor de auga, aplicada segundo normas do fabricante, en paramentos verticais exteriores, en bo estado e secos, cor a escoller pola dirección facultativa das obras (similar ó dos morteiros orixinais da capela), aplicando unha primeira man de fixativo en función da absorción do soporte e dúas mans de pintura ao silicato mediante brocha, rolo ou cepillo, deixando un tempo de secado de 12 horas entre man e man, i/ preparación e limpeza de superficies e protección de mobiliario, pavimentos, etc,.. Medios auxiliares e de seguranza, excepto estadas que se miden a parte..... 575,25 €

Capítulo 7. Seguridade e saúde 650,00 €

7.1. Seguridade e saúde.

Partida que inclúe todas as medidas precisas para adoptar as correctas medidas de seguridade e saúde na obra650,00 €



Capítulo 8. Xestión de residuos745,95 €

Xestión de residuos.

Partida que inclúe todas as medidas precisas para a correcta xestión de residuos da obra

..... 745,95 €

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL 29.856,45 €

13 % Gastos xerais 3.881,34 €

6% Beneficio industrial..... 1.791,39 €

SUMA.....35.529,18 €

21% IVE..... 7.461,13 €

TOTAL ORZAMENTO CONTRATA 42.990,31 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 42.990,31 € (100%), IVE incluído. Esta achega da Axencia só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que o concello obteña beneficio ou lucro industrial algún coa devandita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pago dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Décima.– Xustificación do convenio e pagamento.

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.**



2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a marca turística de Galicia.
- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.
- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o **30 de novembro de 2025**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".



Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

Polo Concello de Mondoñedo
O alcalde

José Manuel Merelles Remy

Manuel Ángel Otero Legide

